

Por resolución da xerencia do 4 de maio de 2023 (DOG do 24 de maio) convocouse concurso de méritos ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes no cadro de persoal funcionario de administración e servizos da Universidade de Santiago de Compostela na área de Arquivos e Bibliotecas, correspondentes aos subgrupos A1, A2 e C1.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o xerente, no exercicio das competencias delegadas que se lle recoñecen por resolución reitoral do 30 de abril de 2020 (DOG do 11 de maio), resolve:

1. Publicar a listaxe de persoas admitidas e os postos aos que optan, que se indican no anexo.
2. As persoas concursantes que non figuren na relación de admitidas dispoñen dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación, para poderen emendar os defectos que motivaron a omisión.

Contra esta resolución poderase interpor un recurso de reposición perante o xerente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,
O xerente
Antonio Javier Ferreira Fernández

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 12/06/2023 09:49:33.

CSV: 52DF-C492-4F77-A5A2